

Que vantaxes ofrece unha sección bilingüe?

- Considerable **mellora na capacidade** comunicativa do alumnado, constatada polos docentes de inglés e polo mesmo alumnado participante, consultado en numerosas enquisas.
- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria **dota os centros** públicos de persoas nativas de apoio ao alumnado e profesorado do centro para posibilitar o desenvolvemento do programa. A posibilidade de contar con este tipo de asistentes é practicamente nula sen a presenza do ensino CLIL no centro, coa vantaxe de que asiste todo o alumnado, non só o alumnado CLIL.
- O alumnado participante no programa recibirá, ao remate de cada etapa, **certificación** da dirección do centro de que cursou unha materia no programa de sección bilingües, con indicación do curso e a lingua estranxeira. Farase constar ademais mediante dilixencia no historial académico do alumno e no informe individualizado no caso de traslado a outro centro.
- O dominio doutro idioma prepara o alumnado para **estudos universitarios en Europa**.

Que metodoloxía se usa nunha sección bilingüe?

Como vimos de dicir, a metodoloxía CLIL aspira a ensinar integradamente contidos e lingua (inglesa neste caso). Xa que logo, baséase na potenciación das catro habilidades que vertebran o ensino do inglés:

- *Writing* ou produción escrita
- *Speaking* ou produción oral
- *Reading comprehension* ou comprensión lectora
- *Listening comprehension* ou comprensión auditiva

A modo de exemplo, a presentación oral de diapositivas con variedade de contidos por parte do alumnado é unha típica actividade CLIL, pois para a súa produción, exposición e recepción na aula, estaríanse a usar mesmo as catro habilidades.

Relación das áreas ou materias que se impartirán en lingua inglesa no noso centro no curso 2021-22.(Premede ctrl+clic) en cada ligazón para obter toda a información relativa a materia: contidos, profesor que a imparte, contacto, etc.).

2º ESO	Geografía e Historia , Tecnoloxía
3º ESO	Geografía e Historia , Tecnoloxía , Cultura Clásica , Matemáticas
4º ESO	Matemáticas , Historia

Podes botar unha ollada a algunhas das actividades nas que participaron os nosos alumnos da sección bilingüe en cursos precedentes nos distintos departamentos didácticos ca colaboración dos nosos Auxiliares de conversa.

- **Conversas en Inglés:** [Schools](#), [Christmas](#), [England and Spain](#)
- **Matemáticas:** [Maria Wonenburger, the Galician mathematician](#)
- **Tecnoloxía:** [Cryptography](#) + [Pollution and Technology](#) + [Types of bridges](#)
- **History/Geography:** [Medieval Medicine](#), [Sfragettes](#), [Vikings](#), [World War I](#).
- **Cultura Clásica / Classical Civilization:** [Land of Potters, our classroom blog](#)

Como exemplo de materiais empregados na aula podedes consultar estas listas de reprodución en inglés en Youtube:

<https://www.youtube.com/channel/UCQmEuBPHyIO21GZ4QQrcSlg/playlists>

En cursos anteriores fixéronse sesións de Skype cun docente que vivía en Hong Kong e se participou nun proxecto internacional a través da plataforma E-twinning.

FAQs

Como podo saber se o meu fillo/a pode cursar con garantía unha materia en sección bilingüe?

É lóxico pensar que canto máis hábil sexa o alumnado en inglés, máis cómodo se atopará na sección bilingüe. Así e todo, a nosa experiencia di que un factor crucial neste caso é a actitude positiva cara ao uso do inglés na aula.

Os erros en inglés poden ser valorados negativamente no proceso de avaliación?

En ningún caso. Os erros serán corrixidos e comentados (pois trátase de aprender e mellorar), pero nunca tidos en conta negativamente.

É certo que a actitude positiva cara ao inglés e o seu uso continuo pode contribuír a mellorar a nota final?

Si, completamente certo. Os profesores das seccións bilingües premian con ata 1 punto extra dita actitude na avaliación final.

Se o meu fillo/a non é quen de entender algún concepto explicado en inglés e posible a súa aclaración en galego ou castelán?

Claro que si. Trátase de seccións bilingües, o mesmo nome indica que se pode acudir ás nosas linguas, aínda que se parta sempre do inglés.

O feito de escoller unha materia en inglés vai supoñer ao meu fillo/a un plus de dificultade á hora de entender os novos conceptos?

Non necesariamente. Antes de cada unidade se adxunta o vocabulario necesario para entender os novos conceptos, sempre axeitado ao nivel correspondente e ao que ven marcado no currículo oficial da materia. Os contidos son os mesmos que na materia en castelán ou galego.